

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

n.º 27

ano 4

marzo-abril 2010

A documentación notarial (IV) DIVERSIDADE DE ESCRIBÁNS E FE PÚBLICA

Durante os anos sesenta do século XX, os notarios da provincia comezaron a depositar no Arquivo Histórico Provincial de Ourense a documentación con máis de cen anos de antigüidade que herdaran dos seus antecesores. Xunto cos **protocolos notariais** viñeron **expedientes xudiciais** nos que os escribáns deran **fe pública xudicial**. Esta atribución, denominada función actuaria, quedou reservada á nova figura do secretario xudicial desde 1862, aínda que durante séculos fora exercida simultaneamente coa **fe pública extraxudicial** polos escribáns: función escrituraria. Esta última é a que conservan os actuais notarios, é dicir, elevar a escritura pública negocios xurídicos de dereito privado.

Os escribáns eran os responsables da custodia da documentación xerada no desempeño destas dúas funcións, e grazas a iso chegaron ao AHPOu varios **fondos de xulgados señoriais** de xurisdicións rurais ourensás -un tipo de documentación raramente conservada-, que nos permite coñecer o funcionamento destes xulgados e certa conflitividade social que podía non chegar a tribunais de apelación como a **Real Audiencia de Galicia**. Asemade, testemuñan as actividades desenvolvidas polos escribáns do Antigo Réxime no seu exercicio profesional.

Neste número de *Fronda* reproducése a portada dun dos protocolos de **Juan Clemente de Themes** de quen tamén se conservan expedientes xudiciais nos que deu fe desde finais do século XVIII. En 1797 xa aparece asinando como “escrivano de Su Magestad” con residencia na xurisdición da Peroxa, é dicir, como **escribán real**, facultado para dar fe en calquera lugar do reino. Como pode verse na portada deste protocolo, desde 1810 intitúlase “escrivano de Su Magestad y número de la Jurisdicción de la Peroxa”, é dicir, que naquel ano fora nomeado polo señor xurisdiccional da Peroxa, o Conde de Ribadavia, para ocupar o “oficio” ou praza de **escribán de número** desa xurisdición.

Con atribucións similares aos actuais **secretarios de xulgado**, Themes deu fe pública xudicial en procesos civís e criminais ventilados ante o xuíz da Peroxa. No dorso reproducése un deses expedientes: a querela criminal por inxurias que interpuxeron Victorio Rodríguez e Batolomé Moure ante ese xulgado contra Manuel Añel, alias Rios, porque este os acusara “en altas y descompuestas voces de trampones y falsarios”.



1810. A Peroxa

Protocolo notarial de Juan Clemente de Themes, escribán da Súa Maxestade e de número da xurisdición da Peroxa correspondente ao ano 1810.

Orixinal; papel, escritura humanística, castelán; 184 fol. 220 x 315 mm. AHPOu, Protocolos notariais de Juan Clemente de Themes, caixa 3777.

Seguridade xurídica e fe pública

Garantir a **autenticidade dos documentos** é condición indispensable para a **seguridade xurídica**, algo básico para o funcionamento ordenado dos grupos humanos. Por iso, aquelas sociedades con certo desenvolvemento do dereito estableceron mecanismos que as garantisen. Así foi como os poderes públicos depositaron en determinadas persoas a potestade de dar **fe pública**, é dicir, de atribuír aos documentos a consideración de **auténticos** e de dar por **veraz** o seu contido para que puidesen ter **valor de proba**.

Na actualidade pódense distinguir, polo menos, catro **tipos de fe pública** (notarial, rexistral, xudicial e administrativa) encomendada respectivamente a notarios, a rexistradores, a secretarios de xulgado e a funcionarios conferidos de fe pública como os secretarios municipais. Pero, como vimos no caso de Juan Clemente de Themes, ata a segunda metade do século XIX os escribáns eran os depositarios de todas estas atribucións que, ademais, podían exercer simultaneamente. A **Lei do Notariado de 1862**, aínda vixente na actualidade, rematou con esa situación ao facer incompatible a **función escrituraria** (a de autorizar escrituras de actos e negocios de dereito privado) coa **función actuaria**, a de dar fe de actos xudiciais ou administrativos.

Diversidade de escribáns e notarios


A separación dos poderes executivo, lexislativo e xudicial, así como o seu exercicio exclusivo por parte das administracións públicas, é unha circunstancia bastante recente. Así, desde a **Idade Media** os monarcas europeos foran delegando parcelas de poder (**xurisdición**) sobre determinados territorios aos nobres, ás institucións relixiosas, aos concellos de vilas e cidades, etc. Esta **delegación de poderes públicos** incluía, entre outros dereitos, o nomeamento de xuíces e escribáns. Ata o final do **Antigo Réxime**, xa entrado o século XIX, bispos, cabidos catedralicios, mosteiros, concellos, señores xurisdiccionais laicos, e o propio rei nomearon aos seus escribáns e notarios alí onde tiñan xurisdición, o que deu lugar a gran número e diversidade deles.

Esta proliferación incontrolada de escribáns xa levava a **Afonso X**, o Sabio, a establecer un número máximo por localidade (“escribanos del número”) e, polo mesmo, desde a segunda metade do século XIV comezouse a distinguir entre o seu **nomeamento** e a súa **aprobación**. Esta última converteuse en condición indispensable para ser investido de fe pública e consistía na superación dun exame ante representantes do monarca.

Os **Reis Católicos** determinaron en **1480** que os exames se fixeran ante o Consello Real, se ben en **1570** o Consello de Castela delegou esta potestade na **Real Audiencia de Galicia** para os escribáns

que quixeran exercer en territorio galego.

Para ser aprobado esixíanse certos requisitos persoais (ser varón, maior de vintecinco anos, limpeza de sangue, honradez, facenda propia...), demostrar coñecementos teóricos de dereito e ter práctica de escrituración nunha escribanía durante un mínimo de dous anos.



Querela por inxurias na que Juan Clemente de Themes dá fe pública xudicial no auto asinado polo xuíz da Peroxa, Bernardo Gómez. A Peroxa. 1830. (caixa 8876)

Escribáns reais, de número, de rendas e millóns, notarios apostólicos, de poio...: unha variadísima tipoloxía na que as dúas clases máis destacables foron os reais e os de número. Os **escribáns reais** ou do rei podían exercer en calquera localidade do reino, sempre que nese lugar non actuase un escribán de número. Aqueles que eran nomeados como titulares da escribanía de número dun órgano da monarquía, dun concello ou da xustiza dunha xurisdición laica ou eclesiástica, recibían o nome de **escribáns de número**. Estes só podían exercer como tales no territorio sobre o cal tiña xurisdición o órgano que os nomeara. A **Lei do Notariado de 1862** tamén suprimiu esta diversidade de escribáns, converteunos en funcionarios públicos (co nome de notarios) con fe pública só extraxudicial e reservou o seu nomeamento ao Estado de maneira exclusiva. A diferenza do que ocorreu en Iberoamérica, o termo “escribán” caeu en desuso.



© ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: Francisco Sandoval Vereja coa colaboración do persoal do AHPOu. D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491